CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO

Compostela *Organum* Festival

CICLO DE OUTONO

Santiago de Compostela 2010

Ano Xacobeo 2010

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia

Coordina:

BORONGUELO asociación musical

Colabora:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO

Ano Xacobeo 2010

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia

Coordina:

BORONGUELO asociación musical

Colabora:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

Compostela *Organum* Festival

Director artístico
Bruno Forst

Coordinadora técnica
Pilar Fontenla Armadá

Agradecementos
D. Santiago Ferreiro. Igrexa das Ánimas.
Vicerreitorado de extensión universitaria, cultura e sociedade. Universidade de Santiago de Compostela.
D. Ignacio Santos Cidrás. Xerente da S.A de Xestión do Plan Xacobeo.

Compostela *Organum* Festival

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Primavera - verán - outono 2010

CICLO DE OUTONO

Sábado, 16 de outubro
Igrexa das Ánimas, 20:30h.
Xogar a música
GUILLERMO DÍEZ ARNAIZ *órgano*

Sábado, 23 de outubro
Igrexa das Ánimas, 20:30h.
CHRISTOPHER HAINSWORTH *órgano*
NICOLÁS PLANCHÓN *trompeta*

Venres, 29 de outubro
Igrexa da Universidade, 10:30h. e 12:00h.
Abrir unha senda nun bosque de tubos
Concerto didáctico. Só para centros de ensino
RAÚL PRIETO *órgano*

Sábado, 30 de outubro
Igrexa da Universidade, 20:30h.
Un baile na corte
MÚSICA DOMÉSTICA
LUIS LUPIAÑEZ *dirección*

Sábado, 16 de outubro
Igrexa das Ánimas, 20:30 h.

GUILLERMO DÍEZ ARNAIZ *órgano*

Xogar a música
¿Por que xogan os nenos? ¿E os adultos?
E... ¿Xogan tamén os músicos?

Antonio de Cabezón (1510-1566)
Pavana coa súa glosa

Francisco Andreu (s. XVII)
Tiento partido de man dereita a tres

Francisco Andreu (s. XVII)
Sete versos de 1º ton para Salve Regina

Joan Cabanilles (1644-1712)
Corrente italiana

Bernardo de Zala (1685 -?)
Gaita galega

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Canon Cangrexo

Giambattista Martini (1706-1784)
III Sonata sui flauti

Coral inglés (s. XIX)
Cerca de Ti, Señor

Angel Juan Quesada de Vega (1909-1988)
Pax mundo

José María Cano Andrés (1959)
Fillo da lúa

Bieito Romero Copo (1964)
O son do ar

GUILLERMO DÍEZ ARNAIZ *órgano*

Comezou os estudos de música no Conservatorio Antonio de Cabezón de Burgos, continúa os de piano en Lorient (Bretaña) e os remata en París xunto aos de composición. Máis tarde, fai os de órgano en Estrasburgo e estuda tamén acordeón e guitarra en Alicante e Madrid.

En Francia, formou parte dun grupo de Jazz co que percorreu o país, realizando un ciclo de concertos subvencionado polo Ministerio de Cultura.

De volta a España, licenciouse en Filoloxía Española en Madrid e traballou o folclore castelán durante 5 anos formando parte dun grupo de Burgos. Impartiu clases de música, lingua e literatura en varios tros docentes e realizou conferencias sobre musicoloxía e organoloxía en diversas cidades españolas e francesas.

Foron numerosas as súas colaboracións noutros ámbitos: Música para cine, publicidade en radio e programas de televisión tratando a organoloxía e realizando faladoiros con algúns médicos sobre as patoloxías dos músicos. Compuxo varias obras, sobre todo de carácter relixioso. Leva mais de vinte anos como organista da Catedral de Burgos e traballa na súa tese doctoral sobre a evolución da escritura musical, paralela á da escritura da linguaxe.

ÓRGANO DA IGREXA DAS ÁNIMAS

Construído en 1880 por Ramón Cardama. A súa estrutura é a dun órgano ibérico clásico, con teclado partido e trompetería horizontal. Non sufriu ningunha modificación dende a súa construción, pero se foi relabrando aos poucos, ata que en 2005 o Consorcio de Santiago decidiu a súa recuperación. Cando os irmáns Desmottes empezaron os traballos de restauración atopábase completamente desmontado, revolto e almacenado na tribuna da igrexa. Tras a restauración, celebrouse o concerto inaugural o 22 de xaneiro de 2006 a cargo do organista Bruno Forst.

COMPOSICIÓN: Un teclado partido c/c#3, 12 pedais con enganche fixo á primeira oitava.

Frautado 13
Violón 13
Oitava
Quincena
22ª/12ª
Cheo
Clarín
Baixoncillo/Trompeta magna

Sábado, 23 de outubro
Igrexa das Ánimas, 20:30 h.

CHRISTOPHER HAINSWORTH *órgano*
NICOLÁS PLANCHÓN *trompeta*

Georges Delerue (1925-1992)
Cantata para trompeta e órgano

Benedetto Marcello (1686-1739)
Adagio en do menor

Anónimo (Béziers, ?1735)
"O martirio de San Aphrodise", suite en fa para órgano

1. O bispo Aphrodise chega a Beziers no seu camelo
2. É capturado, xulgado e decapitado e a súa cabeza tirada a un pozo
3. Os cristiáns lamentan a súa morte
4. Ante o asombro da multitude, a auga sobe de súpeto no pozo, levando a cabeza á parte superior
5. San Aphrodise, levando a súa cabeza entre as mans, marcha triunfante ao cumbio e alí funda a súa igrexa

Domenico Zipoli (1688-1726)
Aria para trompeta

Ignaz Pleyel (1757-1831)
Variacións sobre un aire escocés *(para tecla)*

Oskar Bohme (1870-1938)
Escena de ballet *(trompeta + órgano)*

Cécile Chaminade (1861-1944)
Pastoral para órgano

Marcel Dupre (1886-1971)
Preludio Coral "A Ti berro, Señor Xesús" Op.28, no.37 *(trp. + org.)*

Tradicional (arranxo C.H.)
Csardas *(para órgano)*

Jean-Baptiste Arban (1825-1889)
Fantasía da Traviata *(trompeta + órgano)*

CHRISTOPHER HAINSWORTH *órgano*

Despois de estudos de música e letras en Nova Zelanda e Francia, Christopher enseñou filoloxía e música na Universidade de Waikato durante nove anos. Sen embargo, realizou o seu soño de vivir da música en Francia, e chegou a Aquitania en 1981. Despois dun período docente na Escola de Música de Sainte –Foy, traládase a Beziers en 1984, onde ensina primeiro na Sociedade de Musicoloxía de Languedoc, antes de crear un departamento de música antiga no conservatorio.

En 1996 volve a Nova Zelanda para traballar como profesor e director da sección de música na Universidade de Waikato e como organista titular da catedral de Hamilton. De volta a Francia en 2003, noméano director do conservatorio de Beziers, posto que acaba de deixar para dedicarse de pleno á música. Organista, clavecinista e pianista, toca a miúdo en Francia e no resto do mundo dende fai vintecinco anos, como solista, músico de cámara ou de orquestra. Así mesmo é organista titular da catedral de Beziers e presidente e conselleiro artístico de varias asociacións musicais.

NICOLÁS PLANCHÓN *trompeta*

Despois de brillantes estudos de musicoloxía (Máster de Musicoloxía na Universidade de Montpellier) e de trompeta (Primeiro Premio de trompeta nos Conservatorios de Burdeos e Aulnay-sous-bois, cos profesores Jean François Dion e Pascal Clarhaut), foi admitido por unanimidade no Conservatorio Superior de París na clase de Clement Garrec, finalizando os seus estudos con Matricula de Honra.

É gañador do Primeiro Premio nos concursos de trompeta de Moulins e Lempdes, así como do Premio Selmer en París en 2003.

Toca con regularidade coas mais prestixiosas orquestras francesas, como a Orquestra Filharmónica de Radio France, a Orquestra nacional da Opera de París, a Orquestra Nacional de Montpellier e a Orquestra nacional do Capitolio de Toulouse. É membro da Orquestra da Policía Nacional dende 2006, e profesor na Escola de Música de Lunel.

ÓRGANO DA IGREXA DAS ÁNIMAS

Construído en 1880 por Ramón Cardama. A súa estrutura é a dun órgano ibérico clásico, con teclado partido e trompetería horizontal. Non sufriu ningunha modificación dende a súa construción, pero se foi relabrando aos poucos, ata que en 2005 o Consorcio de Santiago decidiu a súa recuperación. Cando os irmáns Desmottes empezaron os traballos de restauración atopábase completamente desmontado, revolto e almacenado na tribuna da igrexa. Tras a restauración, celebrouse o concerto inaugural o 22 de xaneiro de 2006 a cargo do organista Bruno Forst.

COMPOSICIÓN: Un teclado partido c/c#3, 12 pedais con enganche fixo á primeira oitava.

Frautado 13
Violón 13
Oitava
Quincena
22ª/12ª
Cheo
Clarín
Baixoncillo/Trompeta magna

Sábado, 30 de outubro
Igrexa da Universidade, 20:30 h.

MÚSICA DOMÉSTICA
EVA NAREJOS *maestra de bailar*
RAÚL PRIETO *órgano*
LUIS LUPIAÑEZ *dirección*

Un baile na corte

Antonio Martín y Coll (recompilador / s. xviii)*
4 Obras de claríns
- Entrada de claríns antes de tocar cancións
- Canción de clarín con eco a discreción
- Outra canción (hase de tocar grave)
- Canción de clarín, moi aprisa, respondendo o eco

Anónimo
Dit le Burguygnon

F. Caroubel
Passameze 283 e Gallarda 284

Antonio de Cabezón (1510-1566)*
Pavana coa súa glosa
Diferenzas sobre a gallarda milanesa

Jacques Moderne
Baixa danza "Ta bonne grace"

Etienne de Terte
Branle

Anónimo italiano
Saltarello Zorzi

Antonio Valente (1520-1580)*
A romanesca

Pierre Attaignant
Pavana 3
Tourdion

Orazio Vecchi
Saltarello detto Trivella

J. B. Cabanilles (1644-1712)*
Corrente italiana

Toinot Arbeau
Pavana "Belle qui tiens ma vie"

J. Tabouret
Branle da Haye

Tielman Susato
Hoboeckentanz (Branle)

Antonio Martín y Coll (recompilador / s. xviii)*
Vacas
Un aire alegre
O vilán
Zarabanda
Danza do acha

**Órgano só*

MÚSICA DOMÉSTICA
ELDA PÉREZ *frautas de pico, frauta traveseira*
BENITO BUIDE *violas de gamba alto e tenor*
XURXO LOIS VARELA *violas de gamba, frautas de pico, canto*
ALEJANDRA GARCÍA *órgano positivo, clavecín*
PABLO RUIBAL *viola de gamba tenor e baixo, guitarra renacentista*
LUIS LUPIÁÑEZ *laúde, frautas de pico*
ELENA SOBRINO *canto*
PABLO MATO *canto, frautas traveseira e de pico*
NEREA CASANOVA *violas de gamba tenor e baixo*
EVA NAREJOS *maestra de bailar*
JUAN JESÚS GARCÍA *bailarín*
RAÚL PRIETO *órgano*
LUIS LUPIÁÑEZ MARTÍN *dirección*

MÚSICA DOMÉSTICA

No inverno de 1982, coa adquisición dunha reprodución dunha viola de gamba baixo, un conxunto de frautas doce, un laúde e unha espineta, comezamos a facer o que hoxe se entende por Música Antiga na miña casa de Serantes (Ferrol), os fins de semana, e con amigos afeccionados a este divertimento. Esta actividade foi frecuente en séculos pasados, e foi caendo hoxe en desuso. Por aquelas datas os grupos que se dedicaban a estes mesteres poñían nas súas presentacións que o motivo que lles movía era "desenterrar a gran cantidade de música olvidada...". Se ben isto era certo nos anos 70, pouco máis tarde deixaría de selo, a menos que houbese unha labor de investigación musicolóxica previo á interpretación. Este non é o noso caso, pois nos alimentamos das edicións que están máis ou menos alcanzables no mercado, e das boas gravacións que son unha inspiración constante para este traballo.

O noso grupo foi bautizado co nome de Música Doméstica.

Comezamos como grupo instrumental coa intervención dunha soprano, e en outono do 2004, engadimos un cuarteto vocal, unido a gran variedade de timbres sonoros (clave, órgano, laúde, frautas doce e travesera, violas, orlos, etc.) Outra novidade foi a adquisición dun grupo de frautas doce baixo, é dicir dispoñemos dun cuarteto afinado unha oitava inferior ao tradicional composto por soprano, alto, tenor e baixo, que en realidade soa sempre unha oitava sobre o escrito.

Quizais a nosa actividade musical quede moi ben reflectida no libro de Harry Haskell, titulado *The Early Music Revival. A History* (1996), Dover Publications, que no seu capítulo dedicado á Música Antiga indica "O sono de Arnold Dolmetsch de que en cada fogar houbese un conxunto de frautas doce, un conxunto de violas de gamba e un clavicordio ou un clavecín". Podería ter sido unha utopía pois sen as lexións que formaron os seus acólitos afeccionados, a Música Antiga nunca tería quitado o estigma de elitismo tan rapidamente. Este sono de Dolmetsch vivímolo e gozámolo en Música Doméstica, e queremos facer partícipes del a todos aqueles que asisten aos nosos concertos.

Luis Lupiáñez Martín

RAÚL PRIETO *órgano*

Foi alumno dos mestres Leonid Sintsev e Ludger Lohmann. Completa a súa formación especializándose na tradición musical europea cos profesores Marie-Claire Alain, L.F. Tagliavini, Guy Bovet, Eric Lebrun, Lorenzo Ghielmi, Lionel Rogg, Wolfgang Rüebsan, Jan Willem Jansen ou Zsigmond Szathmáry, entre outros…

Aos 27 anos é contratado pola Orquestra e Coros Nacionais de España para exercer como asesor artístico, intérprete, divulgador e pedagogo, facéndose cargo de toda a actividade dos órganos do Auditorio Nacional de Música de Madrid co seu "Proxecto Órgano". Finaliza os seus estudios en órgano con matrícula de honra.

Dá concertos en Estados Unidos (Portland), Nova Iorque, Massachussets, Rusia (Filarmónica de Perm e Filarmónica de Omsk), Italia (Catedral de Milán), e no Celebrity Series en Estados Unidos, o Spivey Concert Hall e firmou un contrato con Phillip Truckenbrod Concert Artists para realizar xiras por toda América do Norte e Canadá. En 2011 inaugurará o gran órgano da Catedral de Denver (Colorado) e está invitado a tocar coa Filarmónica de Moscú.

Ten actuado con orquestras como a Nacional de España ou a Sinfónica de Castilla y León, así como co coro Nacional de España. No 2006 actuou como solista coa Orquesta Siglo XXI estreando o seu P*oema Sinfónico nº1* para órgano e orquestra.

Paralelamente leva unha intensa actividade como pedagogo e divulgador en España abrindo o órgano aos xóvenes mediante proxectos pedagóxicos que foron apadriñados por institucións como o Centro de Innovación Pedagógica de la Comunidad de Madrid e a Orquesta Nacional de España.

EVA NAREJOS *maestra de bailar*

Nacida en Alicante obtivo os títulos superiores de Piano, Danza, Pedagoxía e Musicoloxía nos Conservatorios Superiores de Alicante e de Murcia. Impartiu clases de movemento e expresión corporal nos Conservatorios Profesionais de Música de Ourense, Alicante, Denia, Elda, Torrente e no Curs de Música Antiga de Guadassuar (Valencia).

O seu interese pola relación entre a música e a danza levouna a investigar dende hai anos no terreo da Danza Histórica. É a través da bailarina e coreógrafa Mª José Ruiz Mayordomo con quen se forma neste tipo de repertorio, especializándose posteriormente en danza barroca francesa con Françoise Denieau, Cecilia Gracio Moura e Teresa Alves, e en danza renacentista italiana con Bruna Gondoni.

Forma parte das compañías de danza barroca Esquivel danza&música de Madrid, Erreguelak de Pamplona, e Barroc-Ballet de Barcelona. Actualmente compaxina a danza coa función docente como profesora pianista repertorista de canto no Conservatorio Superior de Música "Óscar Esplá" de Alicante.

JUAN JESÚS GARCÍA *bailarín*

Licenciado en Educación Física pola E.S.E.F. de México, obtén a Mención ao Mérito artístico. Posteriormente especializase nas disciplinas do movemento artístico e a danza coa bailarina e coreógrafa Ema Pulido, destacando a súa participación no Teatro da Danza, Sala Miguel Covarrubias ou o Teatro Rafael Flores Cañedo na Cidade de México.

En España desenvolve e amplía a súa formación a través de diferentes disciplinas, como a Danza Contemporánea, que cursa oficialmente no Conservatorio Profesional de Alicante coa bailarina Asun Noales, a Danza Histórica, xunto á bailarina Eva Narejos, e a Danza Folclórica Mexicana.

É docente en educación física en primaria e secundaria dende o ano 2003 e actualmente compaxina ese labor coa súa colaboración como membro do grupo de danza folclórica Mexicana Pés Mestizos.

ÓRGANO DA IGREXA DA UNIVERSIDADE

Construído por José Sanz en 1801, é un instrumento moi representativo do esplendor da organería ibérica da segunda metade do século XVIII, con trompetería abundante, e rexistros de adorno (frauta ondulante, ecos, viola, violín). A restauración, efectuada en 1998 por Gerhard Grenzing, consistiu principalmente en volver ao estado orixinal, modificado no século XIX por unha pouco feliz intervención, ademais de recuperar todo o material histórico.

COMPOSICIÓN: Teclado de 47 notas, partido (c-c#3), primeira oitava curta.

PISAS: tambor, timbal, primeira oitava (enganche)

Flautado de 13
Oitava
Quincena
Cheo
Zímbala
Orlo
Clarín
Trompeta real

Baixoncillo	Trompeta magna
Viola	Violín
Nasardos	Corneta
	Eco corneta

CONSORCIO DE SANTIAGO
CULTURA E PATRIMONIO



Sábado, 16 de outubro
GUILLERMO DÍEZ ARNAIZ *órgano*
Igrexa das Ánimas, 20:30 h.

Sábado, 23 de outubro
CHRISTOPHER HAINSWORTH *órgano*
NICOLÁS PLANCHÓN *trompeta*
Igrexa das Ánimas, 20:30 h.

Venres, 29 de outubro
RAÚL PRIETO *órgano*
Concerto didáctico. Só para centros de ensino
Igrexa da Universidade, 10:30 h. e 12:00 h.

Sábado, 30 de outubro
MÚSICA DOMÉSTICA
LUIS LUPIAÑEZ *dirección*
Igrexa da Universidade, 20:30h.

Ano Xacobeo 2010

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia

Coordina:

BORONGUELO asociación musical

Colabora:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE